

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES EN DATA 22 DE FEBREIRO DE 2024**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO, ECONOMÍA,
FACENDA E RÉXIME INTERIOR**

ROGOS E PREGUNTAS

Pregunta do PP presentada por escrito

“1ª.- Cando van a presentar o presuposto do concello para o exercicio 2024?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, di que o orzamento foi informado pola interventora con varios reparos o día 19 de febreiro; que están a rectificar os erros no documento e que volverán a remitilo para a súa presentación ao pleno.

Pregunta de Alternativa dos Veciños presentada por escrito

“1ª.- Que avances hai no bloqueo dos concursos e contratación municipal?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, di que respecto de contratación, onte se enviou a resolución para publicar a lista de A1 no BOP; que este persoal é para reforzar contratación, en principio, con dúas ou tres persoas; que en dous ou tres días se publicará a lista e comezará o prazo para presentación de solicitudes; que a día de hoxe hai máis expedientes pendentes de RC e que está a esperar a liquidación do orzamento; que se está a traballar no expediente do servizo de axuda no fogar.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE,
SANIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ, TURISMO, PATRIMONIO, TRANSFORMACIÓN DIXITAL E
INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

ROGOS E PREGUNTAS

Rogo de Alternativa dos Veciños presentado por escrito

“2º.- Rogan que se tomen medidas polo perigo e vergoña do estado dunha das atraccións do parque infantil do Balado, do que achegan fotografías. Ademais, a zona de herba é literalmente “un campo de minas” xa que é empregado a diario como wc de moitos cans da veciñanza da zona. Tampouco é de estrañar que isto pase porque Cambre é a única zona urbana sen área canina.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen, unha vez concedido, manifesta que acepta o rogo.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“1ª.- En que situación se atopa a paralización das obras de instalación da antena en Anceis?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen, unha vez concedido, manifesta que continúa a paralización das obras; que se está pendente de contestar aos escritos que presentou a empresa.

“2ª.- Ten o Concello algún estudo do estado da cobertura telefónica na zona de Anceis?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen, unha vez concedido, manifesta que ningún; que non o ten nin lle corresponde ter estudos.

“3ª.- Se incorporaron axentes ao cadro de persoal da policía local?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen, unha vez concedido, manifesta que a día de hoxe se reincorporaron tres axentes, polo tanto, contan con cinco axentes de turno e un oficial.

“4ª.- Cando teñen pensado limpar e arranxar as marquesiñas titularidade do concello?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parceró Quiñoy quen, unha vez concedido, manifesta que actualmente se están a revisar os prezos do contrato e agarda que a finais deste mes estea rematada a revisión.

“5ª.- Cando teñen pensado recoller as ramas tiradas da poda das árbores da rúa Estación?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parceró Quiñoy quen, unha vez concedido, manifesta falou coa Deputación provincial, que é a que está a facer os traballos, e que lle sinala que as ramas se retirarán a vindeira semana.

Preguntas do Bloque Nacionalista Galego presentadas por escrito

“O amianto é un material canceríxeno. A UE puxo como data límite para retirar o amianto dos edificios públicos o ano 2028 e o 2032 para o resto dos edificios. Por isto preguntan:

- 1.- Ten o Concello un listado dos edificios públicos que conteñen amianto?.
- 2.- Fai un control sobre as naves industriais que conteñen amianto, como por exemplo, as naves industriais de Graduill?.
- 3.- Teñen previsto elaborar un plan para a retirada do amianto dos edificios públicos?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen, unha vez concedido, manifesta que respecto da primeira pregunta, que se dispón dun censo de edificios públicos, que lle notificaron cales teñen amianto; que en canto ao control de instalacións privadas pertence ao INSGA; que respecto se ten previsto elaborar un plan para a retirada do amianto dos edificios públicos manifesta que si.

“4ª.- No 2019 coñecían a noticia de que unha funeraria solicitaba licenza para construír un tanatorio ao carón do cemiterio de Cambre, teñen concedida a licenza de construción?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen, unha vez concedido, manifesta que si ten licenza, con data de novembro de 2019.

“5ª. A normativa aprobada no decreto 129/2023, do 31 de agosto, de sanidade mortuoria de Galicia, publicada o 18 de setembro de 2023 no DOG, no seu artigo 28 especifica:

Crematorios.

1. Os crematorios situáranse preferentemente en solos de uso industrial, de conformidade coas normas de planeamento urbanístico, nun edificio independente e exclusivo para servizos funerarios e actividades complementarias que sirvan para a mellor prestación do servizo.

2.- Nun radio de 200 metros, contados desde o foco de emisión que constitúe a cheminea do crematorio, non deberá haber zonas residenciais, residencias da terceira idade, centros sanitarios, centros educativos, parques infantís, instalacións deportivas ou outros edificios ou instalacións con servizos de características similares. Os concellos velarán polo cumprimento deste requisito.

Os concellos poderán establecer, motivadamente, nas súas ordenanzas e instrumentos de planeamento un perímetro maior do indicado no parágrafo precedente, en función das circunstancias e características do patrimonio cultural, urbanísticas e de desenvolvemento no seu ámbito territorial.

Dentro dese radio de 200 metros atópase o campo de fútbol Dani Mallo onde cada semana acoden milleiros de persoas polo que a súa saúde podería estar en riscos debido a exposición aos gases emanados polo crematorio. O artigo 30 deste decreto establece os contaminantes baixo control, os cales son: gases de combustión, o ácido clorhídrico, as partículas, o mercurio, o carbono orgánico total e as dioxinas e furanos.

Por iso preguntan:

Está contemplado no proxecto desta funeraria a realización dun crematorio neste tanatorio?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen, unha vez concedido, manifesta que si.

“6ª. Visto todo o anterior, consideran desde o equipo de goberno que este é o lugar máis axeitado para a construción dun tanatorio?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen, unha vez concedido, manifesta que a licenza foi concedida segundo o establecido no Decreto 151/2014; que o equipo de goberno non ten nada que considerar respecto disto, dado que é un tema xurídico privado; que o traslada aos técnicos municipais, quen son os que poden dar luz neste tema.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

“1ª.- Recentemente púxose un cartel no parque infantil de Pravio, que debido aos actos vandálicos sufridos e mentres non se arranxase, permanecerá precintado. O precinto non está posto ou o retiraron e preguntan cando poderá ser empregado de novo pola veciñanza da zona?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen, unha vez concedido, manifesta que é certo o manifestado polo Sr. Castro Uzal; que hai dúas formas de solucionar o problema; encargar a reparación que terá reparo suspensivo, ou, acelerar a contratación, que xa se informou por contratación e que se devolveu.

“2ª.- Queren saber cal foi o criterio para precintar o parque infantil de Pravio e porque non se fixo o mesmo co da igrexa de Cambre, xa que como di a propia documentación do POS 2024, se atopa en pésimas condicións e non cumpre coa normativa vixente?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen, unha vez concedido, manifesta que o mellor que se pode facer é retirar esas pezas e lixalas e reparalas.

“3ª.- As luminarias “escintilantes” instaladas nos farois seguen sen funcionar e sen dar servizo para o que foran instaladas. Motivo para preguntar como está o proceso para dar solución as mesmas e por fin mellorar dalgún xeito os problemas de seguridade e vial do municipio.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen, unha vez concedido, manifesta que se estiveron a buscar solucións; que se fixo unha proba fóra, no taller e que parece que funcionan bastante ben; que a empresa dixo que poderían estar listas sobre o día 15 de marzo.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES,
XUVENTUDE, EDUCACIÓN E CULTURA**

ROGOS E PREGUNTAS

Rogos de Alternativa dos Veciños presentado por escrito

“1º.- Rogan dende a presidencia do CEMC que se convoque con urxencia para poñer en común os problemas de limpeza dos centros escolares e a abordaxe e posible petición dende o CEMC para abordar as demandas dende a unitaria de Pravio.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen, unha vez concedido, manifesta que acepta o rogo.

“2º.- Rogan que se solucione a situación que está a vivir a veciñanza do Graxal, sobre todo, a mocidade que levan meses sen poder utilizar ningunha das dúas pistas deportivas”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen, unha vez concedido, manifesta que acepta o rogo; que respecto da pista do parque Ramón Barba manifesta que se abrirá ao público cando rematen as obras do parque; en canto á pista deportiva da ría, é verdade que a apertura se está a demorar máis do previsto; que a demora se debe a que hai un desacordo entre o perito e a aseguradora respecto da avaliación dos danos causados.

Rogos do Bloque Nacionalista Galego presentados oralmente

- Respecto da problemática que sofre unha usuaria do servizo de axuda a domicilio polo seu fillo, pregunta se está solucionado este problema.

O Sr. presidente intervén e manifesta que se lle contestará por escrito.

- Respecto da cartelería que anuncia eventos por parte dalgunhas asociacións segue a observar unha mistura entre o galego e o castelán ou ben directamente en castelán. Rogan que se cumpra coa normativa.

O Sr. presidente intervén e manifesta que se lle contestará por escrito.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“6ª.- Cando van a arranxar a pista deportiva do paseo marítimo do Temple”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen, unha vez concedido, manifesta que como dixo anteriormente, se está a demorar por desacordo entre o perito e a aseguradora pola avaliación dos danos causados; que visto a demora se está a adiantar os trámites para poder amañala canto antes.

“1ª.- Cantos participantes se subscribiron o entroido deste ano e se aumentou con respecto dos anteriores?”.

O Sr. presidente intervén e manifesta que lle contestará por escrito o Sr. López Saborido.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

“1ª.- Cando está prevista a apertura da ampliación do complexo deportivo municipal da Barcala, a renovación das máquinas oxidadas e a nova concesión?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen, unha vez concedido, manifesta que a apertura da ampliación está pendente de tramitar o modificado do proxecto; que o expediente da nova concesión, onde está incluída a renovación das máquinas oxidadas, delegouse ao departamento de secretaria contratación o día 17 de agosto de 2021; que está marcado como prioridade de contratación con data 6 de febreiro de 2024.

“2ª.- Que pasos se deron dende o concello para dar solucións ao problema de hixiene e limpeza que se está a padecer nos centros escolares?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen, unha vez concedido, manifesta que por un lado se está a ultimar a redacción dos pregos para a nova contratación; que, por outra banda, se está a elaborar un contrato de emerxencia para poder intentar solucionar esta situación.

“3ª.- Que pasos se deron para atender as demandas que se están a facer dende a escola unitaria?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen, unha vez concedido, manifesta que ata o de agora os pasos que se deron foi en primeiro lugar, participar na concentración que se fixo diante da escola cos medios de comunicación; facilitar a Anpa as vías de comunicación para contactar co xefe territorial de Educación para solicitar unha reunión.